



CIRCULAR Nº 1 – TEMPORADA 2020/21

PROCEDIMIENTO DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS NAS LIGAS:

- 3ª NACIONAL MASCULINA
 - 1ª GALEGA
 - 2ª GALEGA
 - 2ª NACIONAL FEMENINA
-

PROCEDIMIENTO

Enviarase a todos os clubs un enlace para cubrir un **formulario online** (nunha folla de Google Sheets).

Inicialmente as persoas que terán permisos para facelo serán os mesmos **responsables das inscricións** en torneos. Se se desexa cambiar, pódese facer a través do propio formulario, tendo en conta que será necesario proporcionar un email asociado a Google (se é de Gmail mellor, xa que non haberá que configurar nada).

No formulario hai distintos **tipos de campos** e márcanse da seguinte forma:

1. Os campos en **roxo** débense cubrir **OBRIGATORIAMENTE**.
2. Os campos en **amarelo** aportan información útil para a FGTM e os demais clubs, polo que se agradece sexan cubertos.
3. Os campos en **branco** son opcionais.
4. Os campos en **gris** non se poden modificar.

¡MOI IMPORTANTE! Non pode quedar ningún **campo roxo** sen cubrir por ser obrigatorios ou a inscrición podería non ser válida.

Aínda que se explican en máis detalle nesta circular, pódese ver unha pequena **descripción de cada campo** ó pasar o rato por enriba.

Unha vez **cubertos todos os datos** non é preciso gardar (xa que os documentos de Google se gardan automaticamente) nin enviar nada (xa que a FGTM ten acceso online ós formularios) e poderán ser modificados mentres permaneza aberto o formulario.



FOLLAS A CUMPRIMENTAR

CLUB

En 1º lugar, cubrirase a **folla CLUB** introducindo os datos que non se proporcionen automaticamente e, sobre todo, marcando a **casilla de aceptación** dos términos.

Aviso importante: os clubs deben ter en conta que a persoa que figure como delegado nesta folla será considerada para todos os efectos como **representante do club** ante a FGTM, e que a dirección de correo electrónico será considerada para todos os efectos como email do club para recibir calquera notificación.

O club é o único responsable de que o dato sexa correcto e de que permaneza actualizado durante toda a temporada, debendo comunicar á FGTM calquera cambio que se produza.

A non recepción de calquera comunicación ou notificación efectuada pola FGTM á dirección de correo electrónica declarada non terá efecto invalidante ningún, nin paralizará calquera actuación ou procedemento.

EQUIPOS CLUB

A continuación, pasarase á **folla EQUIPOS CLUB** onde deberán aparecer todos os equipos que participaron na temporada pasada en ligas dependentes da FGTM (2ª Nacional Femenina, 3ª Nacional Masculina, 1ª Galega e 2ª Galega) coa súa división actualizada en función dos resultados da temporada anterior e as prazas dispoñibles para a **2020/21**. Tamén aparecerán cubertos os datos de que dispoña a FGTM, polo que só os haberá que cubrir en caso de que haxa modificacións.

Máis en detalle, explícanse a continuación os **campos desta folla** que se deben encher, modificar ou verificar.

DATOS DE LIGA

O 1º bloque de datos ten que ver coas ligas que van a comezar na **temporada 2020/21**, a través do cal se permite ós equipos facer cambios da división que lle correspondería.

NOME DE EQUIPO

1. **Equipo.** Nome que figurou durante a temporada **2019/20**.
2. **Novo.** Nome novo para a temporada **2020/21**, tanto para modificar o dun equipo xa existente como para inscribir un equipo novo. Se non se quere cambiar, pódese deixar en branco.



Non pode haber 2 equipos co mesmo nome pois non o permite a aplicación web de xestión das ligas.

3. **Abreviado.** En caso de ser necesario (por problemas de espazo en carteis, aplicación de ligas/torneos,...) o nome acurtarase a un máximo de 30 caracteres. Se non o proporciona o club, colleranse automaticamente as 30 primeiras letras en caso de ser máis longo.

DATOS DE DIVISIÓN

1. **División.** Móstrase a división que lle corresponde ó equipo na temporada **2020/21**, tendo en conta os resultados de **2019/20** e as plazas dispoñibles.
Esta División é a que se terá en conta para aplicar as indicacións da columna **ASCENSO/DESCENSO**.
2. **Resultado.** Especifica se o equipo foi ascendido dunha división inferior, se foi descendido dunha superior o se permanece na mesma categoría que na temporada **2019/20**.
3. **Ascenso/Descenso. ¡MOI IMPORTANTE!** O indicado neste campo é **VINCULANTE** e, polo tanto, de obrigada aceptación en caso de que a FGTM o faga efectivo. Se o club decide posteriormente contradecir o expresado nel, podería ser necesaria a retirada do equipo.
Partindo do indicado na columna **DIVISION**, permite expresar a vontade de cambio que desexa o equipo xa para a temporada **2020/21**, no caso de que se produzan cambios nas plazas dispoñibles, renuncias sobrevidas, etc, e lle corresponda por orde en función da súa clasificación na temporada **2019/20**:
 - a. **Ascender.** Para subir á división inmediatamente superior con respecto á que figura na columna DIVISION.
Por exemplo: un equipo que consegue a permanencia en **1ª galega**, expresa o seu desexo de ascender a **3ª nacional**.
 - b. **Permanecer.** Para quedar na mesma división que figura na columna DIVISION.
Por exemplo: un equipo ascendido a **1ª galega** indica este valor, quere decir que acepta o ascenso e quedará en **1ª galega**.
 - c. **Descender.** Para baixar á división inmediatamente inferior (se a houbera) con respecto á que figura na columna DIVISION.
Por exemplo: un equipo ascendido a **1ª galega**, indicaría que non quere facer efectivo dito ascenso e, polo tanto, volver a **2ª galega**.
 - d. **BAIXA.** Para dar de baixa o equipo.
4. **Desprazamento.** Permite especificar se o equipo desexa facer dobres desprazamentos ou non (sempre e cando o permita a normativa da división de que se trate). Se non se indica nada, considerarase o desprazamento simple.



DATOS DE CONTACTO

O 2º bloque de datos inclúe información necesaria para localizar o **local** onde xogan os equipos e a persoa **responsable** de cada un deles.

LOCAL DE XOGO

1. **Dirección.** Inclúe: tipo de vía, nome da mesma, nº.
 - a. **GPS.** Ubicación GPS do local de xogo para facilitar a súa localización ós equipos visitantes. Pódese especificar no formato de latitude-lonxitude seguinte: 42.316126,-7.864080 (separados por unha coma e sen espazos).
2. **Poboación e provincia.** Onde está ubicado o local de xogo.

PERSOA DE CONTACTO

1. **Delegado.** Nome do responsable do equipo para contacto da FGTM e demais clubs.
2. **E-mail.** Dirección de correo electrónico do responsable do equipo. Será o medio oficial para comunicacións da FGTM co equipo, polo que é moi importante que estea correctamente actualizado.
3. **Teléfono.** Teléfono móbil do responsable do equipo.

DATOS DE XOGO

O 3º bloque de datos permite indicar a dispoñibilidade de **horario** dos locais de xogo para elaborar os calendarios, así como o **equipamento** de xogo dos equipos cando actúan como locais.

COMPETICIÓN

1. **Local.** Nome complementario da dirección que indicará o pabellón, colexio, polideportivo, local social, etc. onde disputará os encontros o equipo como local.
2. **Día preferido.** Preferencia para disputar os encontros os sábados pola tarde ou domingos pola mañá. Respetarase na medida do posible ó elaborar os calendarios.
3. **Hora sábado.** No caso de ter que disputar os encontros como local en sábado, hora de comezo do encontro. Deberá ser de 16:00 a 19:00 horas¹.
4. **Hora domingo.** No caso de ter que disputar os encontros como local en domingo, hora de comezo do encontro. Deberá ser de 9:00 a 11:00 horas¹.

¹ Poderase xogar excepcionalmente noutros horarios pero contando co consenso dos equipos participantes na mesma liga e grupo.



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453

 XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



Os clubs con varios equipos son responsables de fixar horas ou días distintos para todos eles se dispoñen de menos salas de xogo que equipos.

EQUIPAMENTO

1. **Pelota.** Marca e modelo da pelota que empregará o equipo como local. Ten que ser de plástico obrigatoriamente e atoparse no [listado de bolas autorizadas pola ITTF](#).
2. **Cor pelota.** Pode ser branca ou laranxa.
3. **Mesa.** Marca e modelo da mesa que empregará o equipo como local. Ten que atoparse no [listado de mesas autorizadas pola ITTF](#).
4. **Cor mesa.** Normalmente será azul ou verde.
5. **Camiseta.** Cor predominante da equipación principal.

A FGTM poderá autorizar un material non incluído nos listados de materiais autorizados pola ITTF ou RFETM previa petición do equipo implicado.

OBSERVACIONES

Indicar algún dato relevante, que non se encontre no formulario.

Os clubs con varios equipos poden indicar que coincidan ou non cando disputen encontros na casa. Cos datos proporcionados, a FGTM tratará de realizar un calendario que se adapte o máis posible a todas as peticións, pero debe terse en conta que moitas veces non é posible cadrar todas as solicitudes en todas as xornadas.

INSCRIPCIONS

PRAZOS

O prazo para as ligas de 3ª Nacional Masculina, 1ª Galega, 2ª Galega e 2ª Nacional Femenina finaliza o **domingo, 13/sep/2020, ás 23:00 h.**

PAGO DE DEREITOS

Os precios a pagar pódense ver na seguinte táboa:



LIGA	1 Equipo	2 Equipos	3 Equipos	4 Equipos
3ª Nacional Masculina	27,50 €	55 €	82,50 €	110 €
1ª Galega	17,50 €	25 €	37,50 €	50 €
2ª Galega	12,50 €	20 €	30 €	40 €
2ª Nacional Femenina	12,50 €	20 €	30 €	40 €

Táboa 1. Dereitos de afiliación de equipos nas ligas dependentes da FGTM

Nota: deberán abonar na conta da RFETM no **Banco Santander** (ES09-0075-0349-4206-0012-5274) a cantidade de 55€ en concepto de **dereitos de afiliación**, os clubs que só teñan equipos en ligas dependentes da FGTM, que son:

- Ligas masculinas: 3ª Nacional Masculina (incluída) e inferiores.
- Ligas femininas: 2ª Nacional Femenina.

O pagamento debe facerse mediante transferencia bancaria á conta da FGTM en **Abanca** (ES42-2080-3530-2330-4000-8977), adxuntando o xustificante a secretaria@fgtm.es.

Aviso importante: non serán admitidas as inscricións que non acheguen o **xustificante de pago** dentro do prazo establecido, polo que se darán por non formalizadas.

RETIRADAS OU RENUNCIAS

A non inscrición dun equipo na categoría á que teña dereito terá a consideración de renuncia exercitada dentro de prazo, cos efectos correspondentes.

Un equipo dunha categoría superior, poderá renunciar á súa categoría e participar nunha categoría inferior, sempre que o comunique antes de que finalice o prazo de inscrición da categoría superior e que o exprese no formulario de inscrición.

Un equipo que formalizase correctamente a súa inscrición, (formulario e pagamento da inscrición), non poderá renunciar á participación. Se se producise esta renuncia, este equipo non poderá participar en ningunha outra categoría durante a temporada **2020/21** e, ademais, perderá o importe da inscrición.

Para cubrir as posibles renuncias escollerase o seguinte equipo por orde de reservas, sempre que indicase no formulario de inscrición a súa intención de ascender e procurando que non quede un grupo en calquera categoría con menos de 10 equipos.

Se se tivese publicado o calendario de competición da categoría implicada, o equipo escollido deberá aceptar o calendario asignado ao equipo que renuncia, salvo



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

modificacións que se puidesen realizar no horario de xogo e desprazamentos dobres.

A falta de 7 días de iniciarse a competición na categoría implicada, non se cubrirán as baixas. En consecuencia, o último día para cubrir as baixas será o venres da semana anterior ao fin de semana sinalado para o inicio das ligas galegas.

Aviso importante: non serán admitidas as inscricións de equipos pertencentes a clubs que ó día do fin de prazo de inscricións teñan **débedas pendentes** por calquera concepto coa FGTM.

Orense, 27 de agosto de 2020